

O comité clínico da Consellería de Sanidade que fai seguimento da evolución da covid-19 en Galicia vén de acordar, na súa reunión de hoxe pola tarde, que os concellos de Verín, Monterrei, Castrelo do Val e Cualedro pasan ao nivel máximo de restricións.

Infografía que resume as restricións para catro niveis de alerta: Máximo, Medio-alto, Medio e Básico. Cada nivel indica regras para Hostalarías, reunións e actividades culturais/deportivas.

Nivel	Hostalarías	Reunións	Cultura e deporte
<b>Máximo</b>	- Peche ás 17,00h - Aforo limitado ao 50% en terrazas	- Reunións: máximo catro persoas	- 250 persoas en interior e 500 en exterior
<b>Medio-alto</b>	- Peche ás 17,00h - Aforo: 30% interior e 50% terrazas	- Reunións: máximo catro persoas	- 250 persoas en interior e 500 en exterior
<b>Medio</b>	- Peche ás 23,00h - Aforo: 40% interior e 50% terrazas	- Reunións: máximo seis persoas	- 500 persoas en interior e 1.000 en exterior
<b>Básico</b>	- Peche ás 23,00h - Aforo: 50% interior e 75% terrazas	- Reunións: máximo seis persoas	- 500 persoas en interior e 1.000 en exterior

\* Non é posible saír do concello ou área perimetral establecida nos niveis máximo, medio-alto e medio

SAIAMOS DISTO CON SENTIDIÑO

En todos os niveis:  
\* Aforo do comercio ao 50%  
\* Restrición horaria nocturna entre 23,00h e 6,00h

XUNTA DE GALICIA

Consulta as restricións serais e por concellos en: [coronavirus.seergas.gal/Contidos/Restricions-COVID19](https://coronavirus.seergas.gal/Contidos/Restricions-COVID19)

- Formarán entre eles un perímetro conxunto.

- HOSTALERÍA: peche ás 17:00h | Aforo limitado ao 50% en terrazas.

- Reunións máximas de 4 persoas

- CULTURA E DEPORTE: 250 persoas (Interior) | 500 (exterior)

Todas estas medidas publicaranse no Diario Oficial de Galicia de mañá martes e entrarán en vigor ás 00:00 horas do mércores.

## AVISO IMPORTANTE | Verín volve ao nivel máximo de restricións

Martes, 29 Decembro 2020 00:21

---

+INFO: <https://cutt.ly/4h6Nsv8>